

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2019/2020

Normativa reguladora máis relevante: [RD 1393/2007](#) polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo [RD 861/2010](#); [Decreto 222/2011](#) polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo [Decreto 161/2015](#), [Orde do 20 de marzo de 2012](#) pola que se desenvolve o Decreto 222/2011 e Acordo do Consello de Goberno do 5 de febreiro de 2018.

Denominación do título de Máster proposto	Ciencia e Tecnoloxía do Espazo
Centro de impartición na UVIGO	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo
Obxectivos do título	Formación en adquisición das competencias necesarias para a Enxeñaría e a Ciencia do Espazo.
Data da xunta de centro na que se aproba a proposta	01/03/2017
Persoa de contacto no centro	Nome: Arno Formella
	Email: formella@uvigo.es
	Teléfono: 988 36 88 23 Secretaría de dirección a EEAE
É a proposta unha unión/refundición ou modificación de oferta xa existente?	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
	Se se trata dunha unión/refundición de títulos, indicar nome/s do/s título/s de orixe Se se trata dunha modificación dun título existente, indicar nome do título de orixe: : Máster en Fotónica e Tecnoloxías do Láser
É a proposta un título de Máster ligado a competencias profesionais reguladas	<input checked="" type="checkbox"/> Non
	<input type="checkbox"/> Si, indicar profesión regulada:
É unha proposta de carácter interuniversitario?	<input type="checkbox"/> Non
	<input checked="" type="checkbox"/> Si, indicar universidades participantes, con indicación expresa da universidade coordinadora: Universidade de Vigo (coordinadora) e Universidade de León.
Cumpre os requisitos xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?	<input type="checkbox"/> Non
	<input checked="" type="checkbox"/> Si, indicar cales: 1,2,3,4,5,6,7 e 8
Cumpre os requisitos específicos para títulos de máster recollidos no artigo 5 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?	<input type="checkbox"/> Non
	<input checked="" type="checkbox"/> Si. Indicar cales: É interuniversitario, ten unha orientación laboral ou práctica, cubre a formación en áreas de elevada demanda laboral e ten carácter internacional.
Incluír unha breve aínda que precisa descrición da necesidade, interese e	A carreira espacial da Universidade de Vigo iniciouse hai máis de 10 anos da man da súa

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2019/2020

obxectivos do máster e a súa adecuación aos requisitos que figuran artigo 4 do Decreto 222/2011

“Agrupación Aeroespacial”. Dende entón téñense posto en órbita tres satélites e a actividade estase a intensificar actualmente, en gran medida como consecuencia da posta en marcha do Centro de Innovación Aeroespacial de Galicia (CINAE) no polígono industrial de Porto do Molle, Nigrán.

A formación académica neste eido en Galicia comenza cos estudos de Grao en Enxeñaría Aeroespacial que se están a impartir na Escola de Enxeñaría Aeronautica e do Espazo do campus de Ourense da Universidade de Vigo. Asemade, a UVigo oferta o Programa de Doutoramento “Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica”. En ambos casos, están involucrados membros da Agrupación Aeroespacial.

A presente proposta xorde, polo tanto, nun contexto no que a aposta da Xunta de Galicia polo sector “Espazo” é firme e consolidada. No plano estritamente académico, ven a cubrir un baleiro formativo no SUG a nivel de máster, sitúase ao longo da liña de colaboración das Universidades de León e de Vigo para potenciar o ámbito aeroespacial no noroeste de España e posúe unha clara vocación internacional ao abeiro dos contactos dos grupos de investigación involucrados coa Axencia Espacial Europea, a NASA o Instituto Max Planck para a Investigación do Sistema Solar ou a Sociedade de Astronomía de Xapón.

Alén das Comunicacions Aeroespaciais e a Tecnoloxía de Satélites, a Matemática Aplicada ou a Magnetohidrodinámica e a Mecánica de Fluídos de Plasmas Astrofísicos, os contidos tentativos do Máster concorren coa estratexia de especialización do campus de Ourense como Campus da Auga a través da “Ciencia Planetaria e Atmosférica”. Así, temas como o “Ciclo Hidrolóxico” ou o “Cambio Climático” emerxen como áreas de interese do título. Neste sentido, este máster contribuiría a nutrir o “Programa de Doutoramento da Auga”, actualmente en fase final de implantación.

A Ciencia e Tecnoloxía do Espazo é un campo do coñecemento cun grao de interdisciplinariedade extraordinariamente alto. Por iso, este proxecto pretende alimentarse de graduados e graduadas en diversas ramas da Enxeñaría, das Ciencias Naturais e das Matemáticas. Igualmente, tendo en conta a involucración de docentes de todas estas disciplinas, o título incide inevitablemente na “educación STEM” (siglas en inglés de Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas). Deste xeito, ao mesmo tempo que se lle abrirán aos estudantes as portas dun mercado laboral global e en

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2019/2020

	expansión, fomentarse o seu espírito investigador cara a realización de tarefas de I + D incluíndo, por suposto, os estudos de doutoramento.
--	--

- A data límite para enviar a declaración de interese sobre novas propostas de MÁSTER que se pretendan implantar no 2019/2020 é o **28 de febreiro de 2018**.
- Enviar a verifica@uvigo.es